


# ESTATUTOS DA PLATAFORMA ULLOA VIVA



Con data do 28-03-2025 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2024/026609-1.

CVE: cBXnmHGjdn4  
Verificación: <https://sede.xunta.es/cve>



## ÍNDICE

### **CAPÍTULO PRIMEIRO :** **DENOMINACIÓN, IDENTIFICACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO**

**Artigo 1º.** Constitución e denominación da “Plataforma Ulloa Viva”

**Artigo 2º.** Regulación e marco legal.

**Artigo 3º.** Domicilio.

**Artigo 4º.** Ámbito de actuación.

**Artigo 5º.** Duración.

**Artigo 6º.** Fins.

### **CAPÍTULO SEGUNDO DAS PERSOAS ASOCIADAS**

**Artigo 7º.** Clases de persoas asociadas.

**Artigo 8º.** Requisitos para ser persoas asociadas

**Artigo 9º.** Dereitos das persoas asociadas.

**Artigo 10º.** Obrigas das persoas asociadas.

**Artigo 11º.** Perda da condición de persoa asociada.

### **CAPÍTULO TERCEIRO** **DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN**

**Artigo 12º.** Organización da asociación.

### **TÍTULO I: DA ASEMBLEA XERAL:**

**Artigo 13º.** Asemblea xeral


**Artigo 14º.** Reunións: clases e convocatoria

**Artigo 15º.** Constitución e quórum de convocatoria

**Artigo 16º.** Facultades da asemblea xeral ordinaria.

**Artigo 17º.** Facultades da asemblea xeral extraordinaria.

**Artigo 18º.** Adopción de acordos.



## **TITULO II: DA XUNTA DIRECTIVA**

**Artigo 19º.** Composición.

**Artigo 20º.** Eleccións á Xunta Directiva

**Artigo 21º.** Cese dos membros da Xunta directiva.

**Artigo 22º.** Reunións e acordos.

**Artigo 23º.** Facultades da Xunta Directiva

**Artigo 24º.** Obrigas documentais.

**Artigo 25º.** Presidente/a

**Artigo 26º.** Secretario/a

**Artigo 27º.** Tesoureiro/a

### **CAPÍTULO CUARTO: RÉXIME ECONÓMICO**

**Artigo 28º.** Patrimonio inicial

**Artigo 29º.** Recursos económicos

**Artigo 30º.** Contas anuais

### **CAPITULO QUINTO DO RÉXIME INTERNO**

**Artigo 31º.** Regulamento de Réxime interno

### **CAPÍTULO SEXTO DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN**


**Artigo 32º.** Disolución

**Artigo 33º.** Liquidación

### **CAPÍTULO SÉPTIMO DILIXENCIA**

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

### **DISPOSICION FINAL**







## **CAPÍTULO PRIMEIRO :** **DENOMINACIÓN, IDENTIFICACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO**

**Artigo 1º.** Constitución e denominación da “**Plataforma Ulloa Viva**” esta asociación constituíuse o 15 de febreiro do ano 2024, na localidade de Palas de Rei e coa denominación de “**PLATAFORMA ULLOA VIVA**”. Esta asociación identificarase co nome <<PLATAFORMA ULLOA VIVA>> e/ou cun logotipo detallado na seguinte imaxe.




**Artigo 2º.** Regulación e marco legal.

- 1.- Esta asociación, constitúese ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, tendo capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.
- 2.- Regularase polo disposto nesta lei, polos presentes Estatutos, e demais lexislación complementaria que sexa de aplicación; dentro do marco da Constitución e do resto do ordenamento xurídico.
- 3.- Esta asociación constitúese e ten como obxectivo básico a defensa do territorio e dos seus valores ambientais, patrimoniais, culturais e sociais.
- 4.- Esta Asociación, como suxeito de dereito, e para cumprimento dos seus obxectivos, ten a personalidade que lle outorgan as leis, como titular de dereitos e responsabilidades das actuacións que contraia en toda clase de actos e contratos de carácter civil, tales como a adquisición, alleamento, e gravame de bens mobles e inmoables precisos para o desenvolvemento dos seus obxectivos e para a xestión dos intereses xerais da Asociación.

**Artigo 3º.** Domicilio.

A asociación establece o seu domicilio social no CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E INTERPRETACIÓN DA COMARCA DA ULLOA, situado en Vilar das Donas nº 2, 27216 Palas de Rei (Lugo).

Paxina web: <http://plataformaulloaviva.com>



Correo electrónico de contacto: [plataformaulloaviva@gmail.com](mailto:plataformaulloaviva@gmail.com)

**Artigo 4º.** Ámbito de actuación.

O ámbito territorial no que a asociación vai a desenvolver principalmente as súas actividades é Galicia

**Artigo 5** Duración

A asociación constitúese por tempo indefinido.

**Artigo 6º.** Fins.


1.- Son fins principais da asociación:

- a) Defensa do patrimonio natural e da biodiversidade galega, e nomeadamente a comarca da Ulloa e a súa contorna.
- b) Defensa da bacía do Ulla, fonte de patrimonio inmaterial e natural.
- c) Difusión, defensa e protección do patrimonio histórico-artístico e cultural e nomeadamente de calquera agresión ao patrimonio material e inmaterial da Ulloa, do río Ulla e da súa contorna.
- d) Difusión, defensa e protección dos CAMIÑOS DE SANTIAGO

2.- Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar as seguintes actividades:

- a) Promover actividades de difusión nas que se poña en valor a riqueza natural, inmaterial e histórico-artístico e cultural.
- b) Realizar as actividades e accións, incluídas as administrativas e/ou xudiciais, que estean dentro do ámbito de actuación da plataforma, se se detecta algunha agresión contra o patrimonio histórico-artístico ou natural galego, o río Ulla a comarca da Ulloa ou a sua contorna.
- d) Promover actividades en defensa do río Ulla e da súa cunca.

3.- Os beneficios económicos que, no seu caso, se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre as persoas asociadas nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.



## **CAPÍTULO SEGUNDO** **DAS PERSOAS ASOCIADAS**

### **Artigo 7º.** Clases de persoas asociadas.

Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de persoas asociadas:

- 1.- Persoas Físicas: Que teñan capacidade de obrar e non estean suxeitas a ningunha condición legal para o exercicio do dereito, e que soliciten libre e voluntariamente o seu ingreso nesta asociación á Xunta Directiva.
- 2.- Persoas Xurídicas: Asociacións e outras entidades ou colectivos socioculturais públicas ou privadas legalmente constituídas.
- 3.- Socia de Honra: A plataforma Ulloa Viva excepcionalmente poderá nomear socias de honra, que terán un status puramente simbólico e de recoñecemento. Serán elixidos pola Xunta Directiva a proposta de calquera persoa socia, tanto física como xurídica.

### **Artigo 8º.** Requisitos para ser persoas asociadas.

Poderán ser membros da Asociación as persoas físicas e xurídicas, que teñan interese no desenvolvemento dos fins da Plataforma Ulloa Viva, e que soliciten libre e voluntariamente o seu ingreso nesta asociación á Xunta Directiva.

#### 1.- As persoas físicas:

- a) Deberán ter capacidade de obrar e non estarán suxeitas a ningunha condición legal que impida o exercicio do dereito.
- b) Deberán ser maiores de idade ou menores emancipadas con capacidade de obrar e non estar suxeitas a inhabilitación ou condición legal para o exercicio do dereito.
- c) No caso de persoas menores de máis de 14 anos que no estean emancipadas, estas necesitaran o consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir a súa capacidade.

#### 2.- As persoas xurídicas, públicas ou privadas legalmente constituídas, para formar parte desta asociación requiriran:

- a) No caso das persoas xurídicas de natureza asociativa, requirirase para formar parte desta plataforma o acordo expreso do seu órgano competente e a delegando nun representante autorizado, que será quen lle de voz e voto.





b) No caso das persoas xurídicas de natureza institucional, requirirase para formar parte desta plataforma, o acordo expreso do seu órgano reitor e a delegando nun representante autorizado autorizado, que será quen lle de voz e voto.


### **Artigo 9º.** Dereitos das persoas asociadas.

1.- As persoas asociadas teñen os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades da asociación
- b) Ser electoras e elixibles para os cargos dos órganos de goberno.
- c) Participar nas asembleas con voz e voto.
- d) Recibir información da composición dos órganos de representación da asociación, e do desenvolvemento da súa actividade. Segundo as condicións que estableza o regulamento interno.
- e) Acceder o estado de contas actualizado e o balance anual. Segundo as condicións que estableza o regulamento interno.
- f) Acceder á documentación da asociación a través dos órganos de representación. Todo membro da asociación poderá acceder as actas das reunións da Xunta directiva e das Asembleas. Segundo as condicións que estableza o regulamento interno.
- g) Ser oídas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas e ser informadas dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, imponha a sanción.
- h) Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.
- i) Terán dereito a manterse informadas mediante as canles públicas (páxina web, redes sociais), actualizadas pola Plataforma seguindo as condicións que estableza o regulamento interno.
- j) Terán dereito a manterse informadas segundo as condicións que estableza o regulamento interno., mediante publicacións regulares sobre:
  - As actividades realizadas e previstas.
  - O estado das contas e os orzamentos anuais.
  - Os acordos adoptados pola asemblea xeral e a xunta directiva.

### **Artigo 10º.** Obrigas das persoas asociadas.

1.- Son obrigas das persoas asociadas:



- a) Cumprir os presentes estatutos, as normas de réxime interno que en cada momento rexan para a asociación e os acordos, validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.
- b) Desempeñar as obrigas inherentes aos cargos para os que foron elixidas.
- c) Contribuír ao cumprimento dos fins da asociación.
- d) Designar un domicilio, apartado de correo electrónico ou/e teléfono de contacto para recibir as comunicacións da asociación.
- e) Aceptar o protocolo de vivacidade de datos da Plataforma.
- f) Compartir as finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.
- g) Pagar as cotas que se establezan.
- h) Acatar o contido dos estatutos.

2.- Non poderán exercer o dereito de sufraxio activo e pasivo as persoas asociadas que non estean ao día no pagamento das cotas socias, se estas cotas deciden ser fixadas pola asemblea xeral, en calquera forma xa sexan de carácter de derrama, de carácter periódico ou esporádicos, cotas de entrada ou calquera outra que se poida establecer con carácter extraordinario.

### **Artigo 11º.** Perda da condición de persoa asociada.

#### 1.- A condición de persoa asociada pérdese:

- a) Por vontade propia, calquera que sexa a causa e en calquera momento, que se fará efectiva mediante presentación de renuncia, por escrito ante a Xunta directiva e dirixida a secretaría da asociación. A renuncia terá efectos desde a data da súa presentación.
- b) Por expulsión en caso de falta moi grave. Será considerada falta moi grave a infracción dos Estatutos, do seu Regulamento interno ou dos deberes básicos na condición de asociado que prexudiquen gravemente imaxe e os intereses da asociación ou que supoñan unha flagrante transgresión dos acordos adoptados polos seus órganos. Tamén será considerada falta moi grave o impago de cotas, previa advertencia ao respecto e fixación de prazo para dito abono.
- c) Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

2.- Previa incoación e tramitación de expediente contradictorio e trámite de audiencia por prazo de 10 días, a expulsión de persoas asociadas será acordada pola Asemblea xeral, a



proposta da Xunta directiva. O procedemento disciplinario terá unha duración máxima de seis meses, desde o acordo de incoación e ata a resolución da Asemblea xeral que, no seu caso, poña fin ao procedemento.

## **CAPÍTULO TERCEIRO DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN**

### **Artigo 12º.** Organización da asociación.

O órgano de goberno da asociación é a asemblea xeral, e o órgano de representación é a comisión permanente da xunta directiva, que adoptarán os seus acordos de conformidade co principio maioritario ou de democracia interna.

## **TÍTULO I DA ASEMBLEA XERAL:**

### **Artigo 13º.** Asemblea xeral

A asemblea xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e está integrada por todas as asociadas que terán voz e voto na mesma.

### **Artigo 14º.** Reunións: clases e convocatoria

1.- As reunións da asemblea xeral poden ser ordinarias ou extraordinarias.

- a) A reunión ordinaria celebrarase unha vez o ano, dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio económico.
- b) As reunións extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, cantas veces o acorde a xunta directiva ou cando o soliciten por escrito o 10% das asociadas.

No caso de que a reunión sexa solicitada polo 10% das asociadas, a persoa que ostente a Presidencia ou a Xunta Directiva, virase obrigada a convocar, no termo máximo de quince días naturais a reunión solicitada, debendo ter lugar a mesma, dentro dos trinta días naturais seguintes a publicación da convocatoria.

2.- As convocatorias das reunións:

- a) Realizaranse por escrito sinalando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día.
- b) Entre a publicación ou notificación da convocatoria e a data da celebración da asemblea en primeira convocatoria debe mediar como mínimo un prazo de quince días naturais.





c) A comunicación da convocatoria, na medida do posible deberá realizarse mediante os seguintes medios:

- Comunicación por correo electrónico ás persoas asociadas
- Aplicacións de mensaxería vinculadas ao número de teléfono móbil.
- Difusión en medios accesibles á veciñanza, como redes sociais, a páxina web ou taboleiros públicos.

3.- A documentación e información sobre as materias incluídas na orde do día, estará a disposición das asociadas, cunha antelación mínima de quince días naturais á celebración da asemblea.

### **Artigo 15º.** Constitución e quórum de convocatoria

1.- As asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas:

- a) Sempre que concorran un terzo das persoas xurídicas asociadas presentes ou representadas e un terzo das persoas físicas asociadas a título individual, na primeira convocatoria
- b) Transcorrida media hora, en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes con dereito a voto.

2.- En todo caso, terán que estar presentes as persoas que ostentan a presidencia e a secretaría ou aquelas que as substitúan.

3.- A asemblea Xeral poderase convocar, constituír, celebrar as súas sesións e adoptar acordos de forma presencial.

### **Artigo 16º.** Facultades da asemblea xeral ordinaria.

Serán competencias da asemblea xeral ordinaria:

- 1.- Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- 2.- Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio, e o plan de actividades.
- 3.- Examinar e aprobar as cotas das persoas asociadas, a proposta da comisión permanente da xunta directiva.
- 4.- Elixir e cesar as persoas integrantes da xunta directiva.
- 5.- Aprobar a incorporación ou separación a unha federación.
- 6.- Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.





7.- Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.

**Artigo 17º.** Facultades da asemblea xeral extraordinaria.

Serán competencias da asemblea xeral extraordinaria:

- 1.- Modificar os estatutos da asociación, incluído o cambio de domicilio.
- 2.- Acordar a transformación da asociación.
- 3.- Acordar a fusión da asociación.
- 4.- Acordar a disolución da asociación e designar as persoas liquidadoras.
- 5.- A proposta da Presidenta ou da Xunta Directiva, as que sendo competencia da asemblea xeral ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria.
- 6.- Todas as non conferidas expresamente á asemblea xeral ordinaria ou a xunta directiva.

**Artigo 18º.** Adopción de acordos.

1.- Os acordos da asemblea xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco nin as abstencións.

2.- Será necesaria a maioría dos votos emitidos, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade mais un das socias presentes ou representadas, para adoptar os seguintes acordos:

- a) Designación de membros da comisión permanente da xunta directiva
- b) Acordo para constituír federacións e para integrarse ou separarse delas
- c) Disolución da asociación.
- d) Modificación dos estatutos, incluído o cambio de domicilio social.
- e) Disposición ou alleamento de bens.
- f) Remuneración das persoas que integran os órganos de representación.

3.- Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a todas as persoas físicas ou xurídicas asociadas, incluso as non asistentes.

4.- Os votos de tódolos socios terán o mesmo valor independentemente de se son socios físicos ou xurídicos. En consecuencia, toda persoa asociada, física ou xurídica, unicamente poderá exercer un voto.

5.- Ningunha persoa poderá exercer mais de dúas representacións por delegación.



## TITULO II DA XUNTA DIRECTIVA

### Artigo 19º. Composición:

1.- A Xunta Directiva é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da Asociación de acordo coas disposicións e directivas da asemblea xeral. É o órgano que presidirá a Asemblea Xeral.

Estará Formada como mínimo por tres cargos principais, escollidos en Asemblea Xeral:  
Comisión Permanente: • Presidente/a • Secretario/a • Tesoureiro/a

2.- Ata 8 vogais que son as representantes das bases sociais activas da Plataforma. Escollidas nos propios Grupos segundo o RRI (Artigo 31)

– 4 VOGAIS de Grupos de Traballo, a saber:

- 1 vogal dos grupos de traballo produtoras e Camiño de Santiago
- 1 vogal dos grupos de traballo de Augas, Biodiversidade e Saúde
- 1 vogal dos grupos de traballo de comunicación e Redes Sociais
- 1 vogal dos grupos de Política e Legal


– 4 VOGAIS DE Grupos Vivos, a saber:

- 1 Vogal dos Grupos Vivos da Comarca da Ulloa
- 1 Vogal dos Grupos Vivos da Comarca Terra de Melide
- 1 Vogal dos Grupos Vivos da Comarca do Deza
- 1 Vogal dos Grupos Vivos do territorio galego non contemplado anteriormente

3.- Para ser membro da Xunta Directiva será requisito indispensable: ser maior de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís e non estar incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.

A estes efectos será incompatible co desempeño de cargos orgánicos ou representativos:

- a) Quen exerza cargos executivos (presidencia, secretaría xeral, etc. ou teña pertencido a comités executivos ou similares) en partidos políticos, sindicatos ou organizacións patronais, no ámbito provincial, autonómico ou estatal, nos catro anos anteriores ao momento da convocatoria das eleccións.
- b) Quen teña formado parte dalgunha candidatura electoral local, autonómica, nacional ou europea nos catro anos anteriores á convocatoria das eleccións.
- c) Quen teña desempeñado un cargo electo, dos enumerados no punto anterior, ou fose designado directamente por elas, en niveis de alta dirección, nos catro anos anteriores á convocatoria das eleccións.







d) Quen exerza cargos executivos ou de representación nos catro anos anteriores á convocatoria de eleccións en empresas (agás microempresas e pequenas empresas), fundacións de empresas ou organizacións empresariais de sectores relacionados coa actividade da Plataforma.

4.- A duración do seu mandato será de 3 anos, podendo ser obxecto de sucesivas reeleccións.

5.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa asociación.

6.- En relación cos fins e obxectivos desta asociación, a Comisión Permanente (presidencia, secretaría, tesourería) da Xunta Directiva será o órgano competente para a interposición de accións administrativas e/ou xudiciais, dando traslado das mesmas ás vogalías da Xunta Directiva e á Asemblea Xeral.

7.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva deberán de absterse de participar nas decisións que supoñan un conflito de interese coa súa persoa, familia directa ou calquera outra que se poda considerar como tal.

## **Artigo 20º.** Eleccións á Xunta Directiva

Elixiranse de forma separada a Comisión Permanente e as Vogalías da Xunta Directiva.

### **20.1 Eleccións aos cargos da Comisión Permanente**


1.- A elección dos membros da Comisión permanente efectuarase en Asemblea Xeral Ordinaria, previa inclusión do asunto na orde do día da convocatoria e incluíndo na mesma cantos postos se teñen que cubrir por fin de mandato ou cesamento ata alcanzar os 3 postos.

2.- A elección efectuarase previa presentación individual e mediante elección directa, secreta, persoal e individualizada.

3.- Ten dereito a presentarse como candidato/a aos cargos da Comisión permanente da Xunta Directiva Xeral calquera socio/a ao corrente no pagamento das súas cotas.

4.- As candidaturas deberán presentarse diante da Comisión Permanente da Xunta Directiva vixente cun mínimo de 15 días naturais antes da data da asemblea. A Secretaría certificará a situación administrativa como socio/a dos/as candidatos/as.

5.- Os/as candidatos terán dereito a enviar unha comunicación dun máximo de 4 páxinas aos membros da Asociación informando da súa candidatura e expoñendo o seu programa. A comunicación será enviada por medios electrónicos pola Secretaría da Plataforma.



6.- Após a constitución da Asemblea Xeral procederase á selección da Mesa Electoral. Estará formada por dúas persoas socias escollidas por sorteo, dos que un actuará como Secretaria/o da Mesa e que non poderán concorrer a cargo algún nese proceso electoral. Asemade, formara parte da mesa electoral un membro de cada candidatura.

Serán funcións da Mesa Electoral:

- a) Moderar a presentación oral das candidaturas. Cada candidatura terá dereito a expor o seu programa. Á exposición dos programas dedicarase un tempo máximo dunha hora que se distribuirá entre as candidaturas de forma proporcional.
- b) Guiar o procedemento electoral, realizar o recuento e levantar acta do procedemento, que será incorporada á acta da Asemblea Xeral.

7.- As votacións serán secretas e mediante papeletas que facilitará a Mesa Electoral

8.- No caso de concorreren varias candidaturas para a Comisión Permanente da Xunta Directiva, a máis votada será a que conforme a nova Comisión Permanente da Xunta Directiva.

## 20.2. Eleccións ás vogalías da Xunta Directiva


As vogais serán elexidas polos propios membros dos Grupos Vivos e Grupos de Traballo, establecidos no artigo 19.2 e terán que ser recollidas nunha acta. Estes deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 19.3. O regulamento desta convocatoria será establecida no RRI.

### **Artigo 21º.** Cese dos membros da Xunta directiva.

1.- Os cargos da xunta directiva cesarán na súa función por:

- a) Morte ou declaración de falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica. b) Incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido no ordenamento xurídico.
- c) Resolución xudicial.
- d) Renuncia voluntaria.
- e) Perda da condición de persoa asociada.
- f) Incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas.
- g) Transcurso do período do seu mandato. Neste caso e en tanto non se proceda á elección da nova xunta directiva, aquela continuará en funcións ata a designación das novas persoas titulares.

2.- De producirse vacantes na comisión permanente da xunta directiva, estas serán desempeñadas provisionalmente polas restantes persoas da Xunta Directiva, ata a elección definitiva do cargo a substituír pola seguinte asemblea xeral, que de non estar programada, deberá ser convocada no prazo de 30 días.





3.- De producirse vacantes nas vogais da xunta directiva, estas quedarán vacantes ata a elección definitiva do cargo a substituír pola seguinte asemblea que teñan os grupos de traballo e/ou vivos, que de non estar programada, deberá ser convocada no prazo de 30 días.

### **Artigo 22º.** Reunións e acordos

1.- A xunta directiva será convocada pola presidencia, a iniciativa propia ou a petición de como mínimo de 6 dos seus compoñentes cunha antelación mínima de 7 días, levantando o Secretario acta de cada reunión.

2.- Para estar validamente constituída deberán estar presentes, a metade máis un dos seus membros e, en todo caso, as persoas titulares da presidencia e a secretaría ou as persoas que as substitúan.

3.- Todas as decisións a nivel executivo deben ser tomadas de forma colexiada. Ningunha parte poderátomar autonomamente decisión algunha. Para que os acordos da xunta directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos das asistentes. Os empates serán dirimidos mediante voto de calidade da Presidencia.

4.- A xunta directiva poderase convocar, constituír, celebrar as súas sesións e adoptar acordos de forma presencial ou a distancia.

a) Nas sesións que se celebren a distancia, as persoas titulares da xunta directiva poderán encontrarse en distintos lugares sempre que se asegure por medios electrónicos, considerándose como tales os telefónicos e audiovisuais, a súa identidade, o contido das súas manifestacións, o momento en que estas se producen, así como a hiperactividade e intercomunicación entre elas en tempo real e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión. Entre outros, consideraranse incluídos entre os medios electrónicos válidos o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias.

b) Nas reunións a distancia, os acordos entenderanse adoptados na sede da asociación.

5.- A Xunta Directiva reunirse polo menos unha vez ao trimestre.

### **Artigo 23º.** Facultades da Xunta Directiva

#### **23.1. Facultade da Xunta Directiva**


1.- Convocar e fixar as datas das asembleas

2.- Propoñerlle á asemblea xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para as persoas asociadas.

3.- Ditar normas internas de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á asemblea xeral.

4.- Resolver as solicitudes de ingreso das persoas asociadas.

5.- Propoñer o plan de actividades da asociación á asemblea xeral para a súa aprobación,



impulsando e dirixindo as súas tarefas.

6.- Incoar e tramitar os procedementos disciplinarios.

### **23. 2. Facultades da Comisión Permanente**

1.- Programar e dirixir as actividades asociativas.

2.- Levar a xestión administrativa e económica da asociación.

3.- Executar os acordos da asemblea.

4.- Someter á aprobación da asemblea xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

5.- Ratificar en acta a conformación de grupos territoriais (Grupos Vivos), grupos de traballo que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación, que poderán ter natureza permanente ou temporal.

6.- Interpoñer accións administrativas e/ou xurídicas en cumprimento dos fins desta asociación.

7.- Aquelas que non veñan atribuídas expresamente a outro órgano da asociación.

### **23. 3. Facultades das Vogais**

1.- Representar os intereses das persoas integrantes dos seus territorios con respecto aos Grupos Vivos.

2.- Programar e dirixir actividades e accións, no caso dos Grupos Vivos dos seus territorios, e no caso dos Grupos de Traballo nos seus ámbitos temáticos.

3.- Informar e asesorar ao resto de membros da Xunta Directiva no caso dos Grupos de Traballo.

4.- As vogalías desempeñarán aquelas funcións especificadas no RRI.

### **Artigo 24º. Obrigas documentais.**

A asociación disporá dos seguintes documentos, que estarán a disposición de todas as persoas asociadas:

1.- Unha relación actualizada de persoas asociadas.

2.- Documentación contable que permitan obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como das actividades realizadas. Tal contabilidade levarase de conformidade coa normativa específica que resulte de aplicación.


3.- Inventario dos seus bens.

4.- Libro de actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación.

### **Artigo 25º. Presidente/a**

1.- A persoa titular da presidencia terá as seguintes atribucións:

- a) Representar legalmente á asociación perante calquera organismo público ou privado. b) Convocar e presidir as sesións que celebre a xunta directiva e a asemblea xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade os casos de empate de votos. c) Ordenar a execución dos acordos adoptados pola xunta directiva e a asemblea xeral. d)





Ordenar os pagamentos acordados validamente.

e) Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto coa persoa que ostenta a secretaría ou membro da xunta directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

2.- A persoa titular da Presidencia, no caso de non poder ostentar as atribucións do seu cargo, poderá delegar ou ser substituída por outro membro da Xunta Directiva designado pola pola Presidenta ou pola Xunta Directiva.

### **Artigo 26º.** Secretario/a

1.- A persoa titular da secretaría terá as seguintes atribucións:

- a) Tramitar as solicitudes de ingreso na asociación e formalizar as inscricións de altas e baixas das persoas asociadas. As inscricións de altas e baixas de persoas asociadas deberán ser realizadas de forma trimestral.
- b) Formalizar as convocatorias de reunión por orde da presidencia e redactar as actas correspondentes.
- c) Expedir certificacións dos acordos co visto e prace da presidencia, así como emitir informes.
- d) Redactar o inventario de bens da asociación.
- e) Custodia do arquivo de libros e documentos da asociación.
- f) Cumprir coas demais obrigas documentais nos termos que legalmente corresponda.


2.- A persoa titular da secretaría, no caso de non poder ostentar as atribucións do seu cargo, poderá delegar ou ser substituída por outro membro da Xunta Directiva designado pola pola Presidenta ou pola Xunta Directiva.

### **Artigo 27º.** Tesoureiro/a

1.- A persoa titular da tesourería terá as seguintes atribucións:

- a) Recadar e custodiar os fondos pertencentes á asociación, custodialos e investilos na forma acordada pola xunta directiva e a asemblea xeral.
- b) Intervir coa súa sinatura todos os documentos de cobros e pagos co visto e conforme da presidencia.
- c) Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida a presidencia.
- d) Elaboración do anteproxecto de orzamentos para a súa aprobación.
- e) Levar os libros de contabilidade da asociación e elaborar as contas anuais para a súa aprobación pola asemblea.
- f) Calquera outras funcións propias de tesourería como a responsabilidade da xestión económico financeira da asociación.

2.- A persoa titular da tesourería, no caso de non poder ostentar as atribucións do seu cargo



poderá delegar ou ser substituída por outro membro da Xunta Directiva designado pola pola Presidenta ou pola Xunta Directiva.

## **CAPÍTULO CUARTO: RÉXIME ECONÓMICO**

### **Artigo 28º.** Patrimonio inicial

1.- A asociación no momento de iniciar as súas actividades dispón dun patrimonio de 0 euros. Ao peche do último exercicio económico realizado o 31 de decembro de 2024 dispón dun patrimonio de 16.985,18 € na conta bancaria que a Plataforma ten no BBVA. O peche do exercicio económico coincidirá co ano natural, e terá lugar o día 31 de decembro de cada ano.

2.- A asociación conta ademais con bens de carácter de mobles que consisten en nunha Leira sita no Municipio de Palas de Rei: COSTA, a Carballeira DE 244 m2 e referencia Catastral 27040A013006300000uk e que consta en inventario que leva a cabo o Secretario da Asociación.

### **Artigo 29º.** Recursos económicos


A asociación manterase dos seguintes recursos:

- 1.- As cotas ordinarias ou extraordinarias que propoña a xunta directiva e sexan aprobadas pola asemblea xeral.
- 2.- As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- 3.- Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
- 4.- Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

### **Artigo 30º.** Contas anuais

1.- Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico, elaboraranse as contas anuais, expresivas da situación patrimonial e contable da asociación, así como unha memoria das actividades realizadas. Esta documentación estará a disposición das persoas asociadas, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a súa aprobación en asemblea.

2.- A Xunta directiva levará os correspondentes libros de contabilidade, que permitan obter unha imaxe fiel do patrimonio, o resultado e a situación financeira da asociación.





## CAPITULO QUINTO DO RÉXIME INTERNO

### Artigo 31º. Regulamento de réxime interno

Por acordo da assemblea xeral aprobarase un regulamento de réxime interno, que desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos. E que será de aplicación a todas as socias, Grupos Vivos, Grupos de Traballo que se comprometen a defender e estender os obxectivos e fins que persigue a Plataforma Ulloa Viva.

## CAPÍTULO SEXTO DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

### Artigo 32º. Disolución

A asociación disolverase polas seguintes causas:


- 1.- Por acordo adoptado por maioría cualificada en assemblea xeral extraordinaria.
- 2.- Polas causas que se determinan no art. 39 do Código Civil.
- 3.- Por sentenza xudicial firme.
- 4.- Polas demais causas que se determinen nos presentes estatutos.

### Artigo 33º. Liquidación

- 1.- Acordada a disolución da asociación, ábrese o período de liquidación, ata o fin do cal a entidade conservará a súa personalidade xurídica.
- 2.- As persoas membros da xunta directiva no momento da disolución convértense en liquidadoras, salvo designación expresa de liquidadoras pola assemblea xeral ou por autoridade competente.
- 3.- Corresponde as persoas liquidadoras:

- a) Velar pola integridade do patrimonio da asociación.
- b) Concluir as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.
- c) Cobrar os créditos da Asociación.
- d) Liquidar o patrimonio e pagar as persoas acreedoras.
- e) Destinar o haber resultante da liquidación aos fins previstos no acordo de disolución ou nos estatutos, que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa.
- f) Solicitar a baixa da asociación e cancelación de asentos rexistrados.

- 4.- Á solicitude de inscrición da disolución da asociación no rexistro acompañarase do xustificante acreditativo do destino dos bens resultantes da liquidación.





**CAPÍTULO SÉPTIMO  
DILIXENCIA**

D<sup>a</sup>. Pilar Naveira González, [REDACTED] titular da Presidencia, e D. José Manuel Pérez Paredes, [REDACTED] titular da Secretaría da Asociación Plataforma Ulloa Viva [REDACTED] fan constar que os presentes estatutos están redactados coa inclusión das modificacións acordadas na asemblea xeral celebrada en data 9 de marzo de 2025, de acordo cos requisitos establecidos na LO 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e seguindo o procedemento previsto nos seus estatutos.

En Monterroso, a 9 de marzo de 2025

Visto e Prace,  
O/A Presidente/-a

[REDACTED]

Asdo.: Pilar

[REDACTED]

O/A Secretario/-a

[REDACTED]

Asdo.: José Manuel

[REDACTED]

**DISPOSICIÓN ADICIONAL**

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicará a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias

**DISPOSICIÓN FINAL**

Os presentes estatutos derogan os anteriores que rexeron desde a fundación desta asociación ata a actualidade.

En Monterroso , a 9 de marzo de 2025

Sinatura da presidenta

[REDACTED]

Sinatura do secretario

Con data do 28-03-2025 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2024/026609-1.



